



NORMATIVA Nº 11

LIGA GALEGA DE TIRO DE CAMPO E 3D



NORMATIVA Nº 11

LIGA GALEGA DE TIRO DE CAMPO E 3D

ÍNDICE:	Páxina
ÍNDICE	2
1.- PARTICIPANTES	3
2.- CALENDARIO E HORARIOS	3
3.- INSCRICIÓNS	3
4.- ADXUDICACIÓN DA TIRADA AO CLUB ORGANZADOR	4
5.- FORMATO DA COMPETICIÓN	4
5.1.- PERCORRIDOS	4
5.2.- REGULAMENTO	4
5.3.- CLASES E DIVISIÓN	4
5.4.- PATRULLAS	5
6.- CLASIFICACIÓN E TORNEOS	5
6.1.- CLASIFICACIÓN DA LIGA	5
6.2.- TROFEOS DA LIGA	5
6.3.- TROFEOS DOS ENCONTROS DA LIGA	6
7.- AVITUALLAMENTO	6
8.- COMITÉ ORGANIZADOR DE CADA ENCONTRO	6
9.- Guión cronolóxico: APROBACIÓN E MODIFICACIÓNS	7

1.- PARTICIPANTES

Poderán participar nas ligas galegas de Tiro de Campo e 3D todos os arqueiros con licenza federativa en vigor e tramitada a través da FGTA que tivesen enviado a súa inscrición para participar na mesma no prazo previsto para cada tirada. No caso de haber máis inscritos que o máximo acordado, os participantes asignaranse por orde de clasificación na liga do ano anterior e, despois, por orde de inscrición.

Os arqueiros con licenza federativa en vigor tramitada por outra Federación poderán inscribirse igual que o resto de participantes a través da plataforma correspondente. Dita inscrición confirmarase unha vez finalizado o prazo de inscrición en función das prazas que queden libres. Estes arqueiros no teñen dereito a disputar a Liga Galega.

O número máximo de participantes será de 96 arqueiros, por percorrido, cun máximo de 4 compoñentes por patrulla.

2.- CALENDARIO E HORARIOS

As Ligas Galegas de Tiro de Campo e 3D componse, como mínimo, de 3 tiradas, que se celebrarán dentro da tempada deportiva correspondente.

As datas e os clubs organizadores para cada unha delas presentaranse á Comisión de Tiro de Campo e 3D (en adiante CTC3D) por la Secretaría de la FGTA, e serán evaluadas por el CTC3D, e a prosta deste levado a arpobación pola Comisión Delegada e Asamblea Xeral ao principio da tempada e pola Xunta Directiva de la FGTA no caso de modificación; e incluíranse no calendario oficial desta.

As datas non poderán coincidir, en ningún caso, coas da Ligas nacionais da mesma categoría nin con calquera Campionato de España sénior onde participen as divisións desta Liga Galega de Tiro de Campo e 3D.

3.- INSCRICIÓNS

A FGTA cobrará unha inscrición a todos os participantes.

As inscricións para a Liga Galega de Tiro de Campo e 3D xestionaranse a través da plataforma Avaibooksport.

As convocatorias dos encontros da Liga de Tiro de Campo e 3D sairán con tres semanas de antelación á celebración da competición.

O prazo de inscrición para cada encontro rematará dez (10) días antes da celebración do mesmo (salvo causa xustificada) ás 23:59 h. Indicado na circular da convocatoria.

No caso dos arqueiros/as menores de 14 anos, a CTC3D indicará o tirador sénior que compartirá a patrulla, conforme normativa.

Unha vez rematado o prazo de inscrición remitírase ao Club organizador e Presidente do Comité de Xuices da competición o listado definitivo das patrullas para o seu visto bo.

O arqueiro/a inscrito/a poderá renunciar a súa participación ata un (1) día antes do día do fin da inscrición. No caso de non facelo, ou non presentarse á competición, perderá o custo da inscrición, excepto por causas de forza maior debidamente xustificadas.

4.- ADXUDICACIÓN DA TIRADA AO CLUB ORGANIZADOR

A adxudicación da realización dunha tirada da Liga estará en todo momento supeditada á aceptación da presente normativa por parte do Club organizador.

O Club organizador recibirá por parte da FGTA unha subvención fixada por convenio conforme a Normativa 5.

No caso de suspenderse a competición o Club Organizador non percibirá a subvención do convenio, salvo causa de forza maior acreditada.

5.- FORMATO DA COMPETICIÓN

5.1.- REGULAMENTO

Aplicarase o Regulamento WA das respectivas modalidades e a Normativa 1401 RFETA, ou daquelas de rango maior que poidan surdir.

5.2.- CLASES E DIVISIÓNS

Establécense as seguintes clases:

- Menores de 14 anos (con visor e sen visor)
- Cadetes (con visor e sen visor)
- Mulleres sénior e Homes sénior

Establécense as seguintes división para 3D:

- Arco Longbow (ALO)
- Arco Instintivo (ARI)
- Arco Espido (ADE)
- Arco Composto (ACO) (Arco Recurvo incluído dentro de ACO)

Establécense as seguintes división para Tiro de Campo:

- Arco Longbow (ALO)
- Arco Instintivo (ARI)
- Arco Espido (ADE)
- Arco Composto (ACO)
- Arco Recurvo (AR)

5.3.- PERCORRIDOS

As tiradas de liga realizarase nun percorrido de 24 postos de tiro, utilizando dianas 3D homologadas pola RFETA e dianas wa campo homologadas según o caso.

Os postos de tiro cumprirán os requisitos do Regulamento WA de percorridos de Tiro de Campo e 3D e atoparanse en perfecto estado todos os elementos: sinalización, piquetas, fotos e dianas; estando estas últimas en bo estado para o correcto desenvolvemento da competición.

O campo de tiro deberá estar preparado para a súa revisión e verificación por un xuíz antes do comezo da tirada con antelación suficiente.

Darase aviso da celebración da competición ás autoridades competentes, segundo a normativa legal vixente. Remitindo copia do informe resolución da autoridade competente.

De ser posible, habilitaranse algunhas zonas para que o público asistente poida acceder á visión dalgúns postos de tiro.

5.4.- PATRULLAS

As patrullas organizaranse por divisións, se hai un mínimo de tres (3) arqueiros/as; e estarán compostas polo maior número posible de clubs.

Na primeira tirada a formación das patrullas farase por sorteo; nas tiradas seguintes organizaranse segundo a clasificación da liga en curso, pero nunca mais de 2 arqueiros/as do mesmo club

As patrullas con cadetes e con menores de 14 anos deberán ir baixo a responsabilidade dunha persoa adulta da patrulla. As patrullas comezarán a anotar nas tablillas de puntuación dende a diana nº 1 de dita tablilla (a primeira posición da tablilla), indicando a esquerda a diana real dende onde empeza a tirar cada patrulla. Emplearase a aplicación I@nseo pala súa edición e control.

5.5.- HORARIOS

Os horarios das tiradas de Tiro de Campo e 3D poderán celebrarse os sábados, domingos e festivos. No horario de tarde deberá terse en conta que á finalización da tirada haberá luz suficiente para a práctica dos tiros.

6.- CLASIFICACIÓN E TROFEOS

6.1.- CLASIFICACIÓN DA LIGA

A clasificación da Liga galega realizarase sumando as mellores puntuacións de cada arqueiro/a nos encontros celebrados, agás un deles (o de menor puntuación).

Para a clasificación final contarán todas as tiradas menos unha.

Para que se nomee un ganador da Liga Galega de Tiro de Campo ou 3D nunha categoría, será preciso que participen a lo menos tres (3) deportistas por categoría no número de tiradas puntuables para a liga galega, isto é, que tres deportistas teñan o número de tiradas mínimo establecida según o calendario menos unha para incluílos na clasificación final.

6.2.-TROFEOS DA LIGA

Para que nunha categoría se poidan entregar trofeos ou medallas, o número

mínimo de participantes homes será de catro (4), e o número mínimo de participantes mulleres e menores de 14 anos será de tres (3).

Sempre que se cumpra esta condición, entregaranse trofeos ou medallas por categorías aos tres primeiros. Os trofeos ou medallas serán facilitados pola FGTA.

6.3.-TROFEOS, MEDALLAS OU DIPLOMAS DOS ENCONTROS DA LIGA

O club organizador entregará trofeos, medallas ou diplomas aos arqueiros que consigan pódium en cada encontro atendendo a súa clasificación, nas mesmas condicións que os trofeos ou medallas da Liga Galega, e aos restantes arqueiros menores de 14 anos se poderá entregar un agasallo a criterio do organizador.

7.- AVITUALLAMENTO

Durante a competición entregarase aos arqueiros a auga necesaria e o avituallamento sólido que o club organizador decida.

8.- COMITÉ ORGANIZADOR DE CADA ENCONTRO

Estará formado polas persoas que o club organizador de cada encontro designe. Será o encargado de controlar o bo desenvolvemento de cada proba e do envío da documentación á FGTA.

O Comité organizador nomeará a dúas persoas que serán as responsables do desenvolvemento da proba e que estarán en contacto con xuíces e cos competidores para comunicar calquera cambio ou incidencia que puidera xurdir.

O Comité organizador encargárase da disposición do percorrido de Tiro de Campo e 3D atendendo as indicacións da normativa WA en relación ás distancias e ás dianas 3D ou parapetos con dianas e o xuíz da competición deberá comprobar todas as distancias e a correcta disposición das dianas 3D e as dos parapetos de Tiro de Campo no percorrido.

Expoñerá en lugar visible a listaxe de tiradores, a composición das patrullas e os resultados da xornada.

Deberá revisar o terreo da competición e os anexos á súa finalización, a fin de que non queden abandonados residuos de calquera natureza.

Os atletas están obrigados en todo momento a colaborar neste aspecto.

Pontevedra, 25 de abril de 2021

El presidente de la FGTA

Manuel Quintana Miguez

9.- APROBACIÓN E MODIFICACIÓNS

- Aprobada na Asemblea Xeral do 10 de abril de 2011
- Modificada na Comisión Delegada do 27 de novembro de 2011
- Modificada na Asemblea Xeral do 22 de abril de 2012
- Modificada na Asemblea Xeral do 28 de marzo de 2015
- Modificada na Asemblea Xeral do 19 de novembro de 2017
- Modificada na Asemblea Xeral do 31 de agosto de 2019
- Modificada na Comisión Delegada do 17 de outubro de 2017
- Modificada y revisada Comisión Delegada 18/04/2021, aprobada en Asemblea Xeral do 25 de abril de 2021